

8 MARZO

FOLGA XERAL ESTUDANTIL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

Nos últimos anos vivimos un auténtico despertar de millóns de mulleres mobilizándonos masivamente contra un sistema profundamente machista, que exerce a violencia e a explotación dunha forma especialmente cruel contra nós.

Nesta loita, as novas, as traballadoras, combatemos as políticas que nos impoñen os gobernos capitalistas, entre os cales o do PP destaca por dereito propio. Eles son os que aprobaron unha reforma educativa franquista que privilexia á Igrexa con miles de millóns de euros, para que sigan diseminando as súas mensaxes abertamente sexistas, homófobas e contra o dereito ó aborto. É a dereita a que recorta os servizos sociais que cargan sobre as nosas costas, condenándonos á escravitude doméstica, a que nos desafiuzas das nosas casas e fan de ouro ós empresarios impoñéndonos salarios miserables e condicións discriminatorias no traballo.

Pero ademais, o goberno de Rajoy outorgou unha gran impunidade ós maltratadores: en 2016 realizáronse 142.893 denuncias por violencia machista, pero só 2 de cada 10 acabaron en condena. En 2017, 98 mulleres foron asasinadas no Estado español. E ante cada nova vítima temos que escoitar o mesmo sermón de sempre. Os representantes do PP poñen xesto serio, gardan minutos de silencio e láméntanse... Por que non denunciou? Logo reivíndicanse defensores da igualdade, incluso feministas! como algunhas das súas dirixentes. Non se pode ser máis hipócrita. Elas e eles son responsables desta situación!



**Sindicato de
Estudiantes**

A violencia contra as mulleres é institucional e está amparada polos tribunais de xustiza. Os casos de Juana Rivas ou da nova vítima da Manada móstrano con claridade. Non se trata de decisións individuais de xuíces e xuízas sexistas. Falamos de todo un sistema e un entramado que nos golpea con forza e lánzanos unha mensaxe a todas: Coidado! Se denunciades a realidade que vivides, o maltrato, unha violación, acoso ou calquera outra forma de violencia, teredes que pasar un calvario e seredes cuestionadas en todos os aspectos da vosa vida. O xuízo será contra vós e quizais non só nun tribunal senón nos platós de televisión!

**QUERÉMONOS
VIVAS, LIBRES
E COMBATIVAS**



O 8 DE MARZO FOLGA XERAL ESTUDANTIL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA!

Desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudiantes entendemos que é necesario mostrar toda a nosa indignación de xeito organizado e contundente. Por iso participaremos activamente na folga feminista que se convocou para o próximo 8 de marzo a escala internacional. Concretamente, chamamos a todas as estudantes, e tamén ós nosos compañeiros de clase, á folga xeral estudantil, a baleirar as aulas de todos os institutos e universidades e encher as rúas, acudindo ás concentracións e manifestacións unitarias que se celebrarán ese día en centos de cidades e localidades do Estado español e de todo o mundo.

Sabemos que a única forma de acabar coa nosa opresión é coa organización colectiva e a mobilización nas rúas. Amosamos a forza que temos cando nos poñemos en marcha: nas manifestacións masivas de Estados Unidos contra Donald Trump, co movemento #NiUnaMenos en América Latina, en Polonia polo dereito ó aborto, á fronte do movemento contra os desafiuzamentos ou como as Kellys e as Espartanas de CocaColaEnLucha en defensa dunhas condicións de traballo dignas. O 8 de marzo de 2017 fomos millóns nas rúas de todo o mundo levantando un grito enxordecedor contra a violencia machista e a opresión capitalista, e este ano vai ser aínda maior.

Por iso, invitámosvos a organizarvos connosco en Libres e Combativas para construír un feminismo anticapitalista e revolucionario e unir as forzas de todas as que sufrimos a opresión e a violencia do sistema nunha mesma loita por transformar a sociedade.

BALEIRAR AS AULAS. ENCHER AS RÚAS.

12h: Concentración estudantil

- **Ferrol:** Praza de España
- **Compostela:** mirar sitio na web
- **Vigo:** Farola de Urzaiz
- **Ourense:** mirar sitio na web

E pola tarde:

Manifestacións unitarias do movemento feminista

ÚNETE A LIBRES E COMBATIVAS E CONSTRÚE CONNOSCO O FEMINISMO ANTICAPITALISTA E REVOLUCIONARIO NO TEU INSTITUTO, UNIVERSIDADE E BARRIO

- Basta de xustiza machista! Castigo exemplar ós responsables de todas as violacións e agresións físicas ou psicolóxicas a mulleres.
- Incremento drástico das axudas económicas e das casas refuxio para as mulleres vítimas da violencia machista.
- Fóra a relixión das aulas. Basta de mensaxes machistas e homófobos! Derrogación inmediata da LOMCE.
- Dereito ó aborto libre, gratuíto e seguro. Acceso á educación sexual e servizos de planificación familiar públicos e de calidade en todos os institutos e facultades.
- Escolas infantís públicas e gratuítas en cada barrio e centro de traballo que permitan compaxinar emprego e maternidade.
- Servizo público de escolas infantís, atención á dependencia, lavanderías, comedores, limpeza do fogar... digno e gratuíto para acabar coa escravitude das tarefas domésticas.
- Derrogación da reforma laboral. Salarios dignos para a muller traballadora. Sancións exemplares contra as empresas que se neguen a contratarnos ou nos despidan por estar embarazadas, cumprir con estándares estéticos, etc.
- Fin dos negocios multimillonarios que trafican co noso corpo! Contra a prostitución, o tráfico de mulleres e os ventres de aluguer. O noso corpo non está en venda! Abaixo o canon de beleza que nos impoñen as grandes multinacionais que alimenta prexuízos e traumas, e alenta a violencia contra as mulleres.